



## **Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei**

24 de decembro de 2022

Boas noites,

Alégrame moito poder estar nos vosos fogares e seguir cumprindo con esta tradición de transmitirvos os meus mellores desexos, sobre todo de paz, nesta Noiteboa; e tamén de compartir convosco algunhas reflexións sobre os acontecementos máis relevantes do ano que agora remata.

O 2022 foi –está a ser aínda– complicado e difícil. Como non foron nada doados os últimos anos. Cando criamos ter superado o peor da pandemia –sen dúbida, a mellor noticia– no mes de febreiro Rusia invadiu Ucraína e, dende entón, fomos testemuñas de 10 meses dunha guerra que xa causou un nivel de destrución e ruína difíciles de imaxinar na nosa realidade cotiá. Vivimos o sufrimento do pobo ucraíno e seguimos a sentir, cunha profunda tristura, a perda de miles de vidas humanas.

Aos ucraínos refuxiados no noso país e a todos os seus compatriotas enviámoslles, especialmente hoxe, o noso recordo e afecto.

Estamos así, ante unha nova guerra en Europa, nas fronteiras dalgúns dos nosos socios europeos e aliados, e, polo tanto, preto de nós; e que non só afecta a Ucraína, senón que ten unha transcendencia global.

Por iso, a nosa seguridade tamén se viu afectada. España, ademais de reforzar cos nosos aliados a capacidade de defensa colectiva, uniuse á inmensa maioría da comunidade internacional para apoiar a Ucraína; e para reafirmar o seu compromiso de que a soberanía, a integridade territorial e a independencia dos Estados son principios irrenunciáveis dunha Orde Internacional baseada en regras e que sempre debe buscar a paz.

Nese sentido, o cumio da OTAN que se celebrou en España, en Madrid, serviu para reforzar a unidade de todos os membros da Alianza, e tamén da Unión Europea.

Esta guerra, xunto cos efectos tamén da pandemia, está a ter, ademais –como é evidente–, un profundo impacto sobre a economía; provocou unha crise enerxética con consecuencias graves na industria, o comercio, o transporte e particularmente nas economías familiares.

A suba dos prezos, especialmente dos alimentos, provoca inseguridade nos fogares. Ter que facer fronte a xestos cotiáns, como acender a calefacción ou a luz ou encher o depósito de gasolina, acaba sendo unha fonte de preocupación e implica –en moitos casos– importantes sacrificios persoais e familiares. Porque, en efecto, hai familias que non poden afrontar esta situación dun xeito prolongado e necesitan o apoio continuo dos poderes públicos para paliar os seus efectos económicos e sociais.

Todo o novo escenario que vivimos –a guerra, a situación económica e social, a inestabilidade e as tensións nas relacións internacionais– está a causar na nosa sociedade, loxicamente, unha gran preocupación e incerteza. Non podemos ignorar a seriedade destes problemas, pero tampouco podemos renunciar a que as cousas poidan cambiar e mellorar.

O primeiro –e unha vez máis–, debemos ter confianza en nós mesmos, como Nación. A transformación e modernización de España das últimas catro décadas, grazas ao éxito da nosa transición á democracia e a aprobación da nosa Constitución, avala esa confianza. Como tamén a xustifica a superación doutras crises económicas, sociais ou institucionais que vivimos; a máis recente, a da Covid. Somos un país que, como agora, sempre soubo responder –non sen dificultades nin sacrificios– a todas as adversidades, que non foron poucas ao longo destes anos.

Ademais de crer en nós mesmos, na nosa capacidade, necesitamos –sempre, pero máis aínda en tempos difíciles– o maior compromiso de todos coa nosa democracia e con Europa, coa Unión Europea, que son as dúas columnas vertebrais sobre as que se asentan o noso presente e noso futuro.

- As democracias no mundo están expostas a moitos riscos que non son novos; pero cando hoxe en día os sofren, adquiren unha particular intensidade. E España non é unha excepción. Pero hai tres sobre os que quero determe porque me parecen moi importantes: a división é un deles. A deterioración da convivencia é outro; a erosión das institucións é o terceiro.

Un país ou unha sociedade dividida ou enfrontada non avanza, non progresa nin resolve ben os seus problemas, non xera confianza. A división fai máis fráxiles as democracias; a unión, todo o contrario, fortaléceas.

En España sabémolo por experiencia propia. A nosa Constitución, froito do diálogo e do entendemento, representa a unión lograda entre os españois, como aposta de futuro, de diversidade e de concordia, para unha nova democracia. Hoxe, co paso de todos estes anos, os nosos valores constitucionais están enraizados na nosa sociedade; e son por iso a referencia onde os españois debemos seguir encontrando a unión que nos asegura estabilidade, cohesión e progreso. E que nos garante unha convivencia que, como salientei a miúdo, é o noso maior patrimonio.

Unha convivencia que require na nosa vida colectiva o recoñecemento en plenitude das nosas liberdades, xunto ao respecto e a consideración ás persoas, ás súas conviccións, e á súa dignidade. Que necesita guiarse pola razón; que demanda antepoñer a vontade de integrar fronte ao desexo de excluír.

Nesa tarefa, necesitamos fortalecer as nosas Institucións. Unhas Institucións sólidas que protexan os cidadáns, atendan ás súas preocupacións, garantan os seus dereitos, e apoiem as familias e os mozos na superación de moitos dos seus problemas cotiáns. Institucións que respondan ao interese xeral e exerciten as súas funcións con colaboración leal, con respecto á Constitución e ás leis, e sexan un exemplo de integridade e rectitude. E este é un propósito diario co que as Institucións debemos estar sempre comprometidas.

Creo que, nestes momentos, todos deberíamos realizar un exercicio de responsabilidade e reflexionar de xeito construtivo sobre as consecuencias que ignorar eses riscos pode ter para a nosa unión, para a nosa convivencia e as nosas institucións.

Non podemos dar por feito todo o que construímos. Pasaron xa case 45 anos dende a aprobación da Constitución e claro que cambiaron, e seguirán cambiando, moitas cousas. Pero o espírito que a viu nacer, os seus principios e os seus fundamentos, que son obra de todos, non poden debilitarse nin deben caer no esquecemento. Son un valor único na nosa historia constitucional e política que debemos protexer, porque son o lugar onde os españois nos recoñecemos e onde nos aceptamos os uns aos outros, a pesar das nosas diferenzas; o lugar onde convivimos e onde convivimos en liberdade.

- Europa é o segundo compromiso ao que antes me refería. Europa representou e representa para España tamén a liberdade. Contribuíu a consolidar a nosa democracia, a potenciar o noso crecemento económico e o noso desenvolvemento social.

Hoxe, compartimos moitos dos seus problemas e contribuímos ás súas decisións coa nosa propia personalidade e os nosos intereses. Os desafíos comúns aos que nos enfrontamos, dende os sanitarios aos financeiros ou os relacionados co noso modelo enerxético ou ambiental reciben solucións integradas no marco común da Unión Europea. Por iso, o que se decide cada día na Unión afecta –e moito– a vida cotiá de todos os españois. Esa é a realidade.

Somos Europa, pero tamén necesitamos a Europa, que é o noso gran marco de referencia político, económico e social e que, por iso, nos ofrece certeza e seguridade. Estou seguro de que o compromiso de España quedará reforzado coa Presidencia rotatoria da Unión que asumirá o ano que vén.

Dicía ao comezo que vivimos tempos, sen dúbida, de incerteza. Pero se o éxito dunha nación depende do carácter dos seus cidadáns, e da personalidade e o espírito que move a súa sociedade, debemos ter razóns para mirar ao futuro con esperanza.

Somos unha das grandes nacións do mundo, con moitos séculos de historia, e os españois temos que seguir decidindo todos xuntos o noso destino, o noso futuro. Coidando a nosa democracia; protexendo a convivencia; fortalecendo as nosas institucións.

Debemos seguir compartindo obxectivos cun permanente espírito de renovación e adaptación aos tempos. Con confianza no noso país, nunha España que coñezo ben, valente e aberta ao mundo: a España que busca a serenidade, a paz, a tranquilidade; a España responsable, creativa, vital e solidaria. Esa España é a que vexo, a que escoito, a que sento en moitos de vós; e a que, unha vez máis, sairá adiante. En mans de todos nós está.

E xa finalmente, nesta noite tan especial, agradézovos moito a vosa atención e xunto á Raíña e as nosas fillas a Princesa Leonor e a Infanta Sofía, deséxovos que teñades unha moi bo Nadal e Ano Novo.

Eguberri on / Bon Nadal / Boas festas.